

CONTRATACIÓN

MLA

Refº: Acta sistemas control tráfico proposta adxudicación

Asunto:

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SISTEMAS DE CONTROL DE TRÁFICO DO CONCELLO DE LUGO.

Sendo as 13:45 horas do día 28 de febreiro de 2013, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Ilmo Sr Tenente de Alcalde delegado da Área de Urbanismo, don Luis M. Alvarez Martínez, actuando en substitución da Concelleira delegada da área de Economía, Emprendedores, Autónomos e Educación, actuando como vocais, dona María Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, don Xosé Antón Bao Abelleira, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada Gómez, polo Grupo Municipal do Partido Popular, don Marcial Rodríguez Toajas, interventor xeral do Concello, don Luis A. Casais Fernández, titular da asesoría xurídica, e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Abre a sesión a Sra. Presidente e procédese por parte do secretario da mesa a informar aos presentes que as empresas TELVENT TRÁFICO Y TRANSPORTE S.A e INDRA SISTEMAS S.A presentaron documentación xustificativa das súas proposicións, as cales foran consideradas anormais ou desproporcionadas pola mesa de contratación en aplicación dos criterios incluídos no prego de cláusulas administrativas particulares. Non obstante, apréciase por parte dos integrantes da mesa que a empresa INDRA SISTEMAS S.A presenta a súa documentación xustificativa fóra do prazo de dez días hábiles concedido ao efecto (remataba o 9 de febreiro e a documentación é presentada no Concello o 13 de febreiro), razón pola cal enténdese que non debe ser admitida e polo tanto non xustificada a súa oferta.

A continuación dase lectura ao informe técnico emitido polo servizo municipal de enxeñería no que se avalía a xustificación presentada pola outra empresa, TELVENT TRÁFICO Y TRANSPORTE S.A, no cal se conclúe que “*á vista dos argumentos aportados, tanto na sostenibilidade da oferta, pola xustificación dos custos medios en TELVENT TRÁFICO Y TRANSPORTE S.A para man de obra por categoría en relación cos prezos do ANEXO III e pola repercusión que, no global do contrato poden supor (por tratarse de traballos fóra do horario de mantemento), considérase debidamente xustificada a oferta presentada pola devandita mercantil, propoñendo a súa admisión*”.

Tendo en conta o anterior, os integrantes da mesa acordan por unanimidade admitir a xustificación presentada por TELVENT TRÁFICO Y TRANSPORTE S.A e non admitir, ao ser presentada fóra de prazo a xustificación presentada por INDRA SISTEMAS S.A. Igualmente acórdase a exclusión do procedemento da empresa

AERONAVAL DE CONSTRUCCIONES E INSTALACIONES S.A, ao superar a oferta presentada o prezo de licitación establecido para o servizo de mantemento e explotación (1.118.458,40 euros, sen IVE, que áinda interpretando que se trate dunha oferta para catro anos de duración do contrato, superaría o importe máximo para este servizo que podría alcanzar 1.048.102,16 euros, sen IVE).

O cadro final de puntuacións obtidas polas empresas é o seguinte:

	O.Técnica	O. Económica	Baixa prezos unitarios	Baixa man de obra	Garantía	TOTAL
SICE	21,17	25	15	5,50	8,33	75
TELVENT S.A	48,98	25	14,29	10	10	108,27
ELECTRONIC TRAFIC S.A	34	12,50	10,71	2,50	10	69,71

Á vista das puntuacións, os integrantes da mesa acordan propoñer a adxudicación do contrato á mercantil TELVENT TRÁFICO Y TRANSPORTE S.A, ao ser a que obtén unha maior puntuación segundo os criterios de adxudicación incluídos no prego de cláusulas administrativas particulares. O representante do grupo municipal do Partido Popular, don Ángel Trabada Gómez, desexa manifestar o voto en contra do seu grupo en relación con todo o procedemento de contratación por motivos de oportunidade na realización deste gasto que entende pode ser realizado por persoal municipal.

Sen mais que manifestar, dase por rematada á sesión ás 14:05 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE

Asdo: Luis M. Álvarez Martínez

O SECRETARIO

Asdo: Manuel Louzao Aldariz